



Biblioteca universitaria MEMORIA 2009

Biblioteca universitaria **MEMORIA 2009**

Aprobada na Comisión da BUSC de 24 de xuño de 2010



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



Colexio de Fonseca
Rúa do Franco s/n
15782 Santiago de Compostela

 981.559.900 ext. 11087

 bxsec@usc.es

 www.busc.usc.es

Presentación	7
Presuposto	11
Persoal	15
Instalación e equipamento	19
Desenvolvemento das coleccións	25
Bases de datos bibliográficas e procesos	31
Servizos	35
Redes, cooperación e proxección exterior	49
Anexos	53

Presentación

Nesta presentación imos salientar os datos mais relevantes da actividade desenvolvida na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela durante o ano 2009. Como ven sendo habitual, ofrécense os datos estatísticos da BUSC de xeito pormenorizado no Anexos.

En primeiro lugar destacamos o incremento nos orzamentos da BUSC aplicado a case todas as partidas. No capítulo 2, destaca a nova aportación en gastos correntes para a Biblioteca Intercentros de Lugo e o incremento do 80% para a Biblioteca Concepción Arenal. No capítulo 6, a partida destinada a equipamento sube un 25% e un 15,78% a destinada a sufragar o custo das publicacións periódicas. Igualmente se incrementa a cantidade destinada ao Consorcio Bugalicia, suba que se explica polos incrementos no prezo dos recursos electrónicos. A USC viña reclamando nos últimos anos un cambio no sistema de distribución das achegas entre os membros do consorcio, buscando un reparto mais. Finalmente acadouse un acordo a finais de 2009, que será ratificado mediante o oportuno convenio, no que a USC acada unha rebaixa de case dez puntos na súa achega.

No que atinxe a espazos e equipamento, en 2009 reabriu a Biblioteca da Facultade de Bioloxía cunhas instalacións notablemente melloradas. Tamén a Biblioteca Xeral reabriu en maio tras un peche de tres meses debido a obras de reforma de teitos e iluminación. Noutras bibliotecas acometéronse reformas destinadas a proporcionar un mellor servizo, acondicionando espazos e adquirindo o equipamento preciso.

No apartado adicado ao desenvolvemento das coleccións, é obrigado sinalar o incremento con respecto a 2008 dun 25% no número de volumes ingresados nas coleccións da BUSC. O devandito incremento está directamente relacionado coa incorporación de doazóns bibliográficas moi estimables en número e calidade. Tamén neste apartado se repasan as cifras relativas á colección de recursos electrónicos accesible a través do Consorcio Bugalicia (19.090 revistas, 18381 monografías e 50 bases de datos) e se detallan as cancelacións de Scopus, Lexis-Nexis e o paquete de revistas Taylor & Francis.

En xaneiro de 2009 concluíu a incorporación do fondo antigo á base de datos bibliográfica da BUSC. Agora é preciso abordar tarefas de depuración no catálogo para poder ofertar aos usuarios unha ferramenta de busca bibliográfica precisa e realmente útil. A finais de 2009 rematou a segunda fase do proxecto de tradución dos encabezamentos de materia ao galego, o que permite aos usuarios buscar indistintamente por termos en galego ou en castelán.

Igualmente en 2009 puxose en funcionamento *Pórtico*, metabuscador das tres bibliotecas universitarias galegas, proxecto impulsado dende o consorcio Bugalicia. Dentro do apartado estadístico referido aos servizos, destaquemos un ano máis o incremento no consumo de revistas electrónicas, medida en número de descargas, e un repunte no número de transaccións de préstamo a domicilio, tras anos de baixada. En 2010 o servizo de reservas web tamén estará dispoñible para os alumnos o que confiamos servirá para estimular a circulación das coleccións da BUSC. Outro dato positivo é o incremento no número de solicitudes de documentos por parte doutras bibliotecas a través do servizo de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario, rompendo a tendencia dos últimos anos. Non son tan positivos, pola contra, os datos en formación de usuarios, onde houbo un descenso de usuarios. O marco do EEES parece oportuno para replantexar un servizo que está chamado a ter un papel máis activo na adquisición de competencias informacionais para toda a comunidade universitaria. Outro elemento que debe pesar nesta consideración é o recente acordo do Consello de Goberno da USC de 25 de marzo de 2010 que, de conformidade coas liñas xerais da USC para as novas titulacións de Grao, recoñece para todas as titulacións de Grao, como competencias transversais informacionais cursos

ofertados dende a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, orientados ao alumnado das titulacións de grao en dous niveis; básico e medio.

Finalmente no apartado *Redes, cooperación e proxección exterior* ofrécense detalles das distintas participacións da BUSC en proxectos internos e externos á propia universidade.

PLAN ESTRATÉXICO DA BUSC

Do seo da Comisión da BUSC saíu a encomenda de dous proxectos que se acometeron dende a Xunta Técnica a través de cadanseu grupo de traballo. En primeiro lugar, o deseño dun novo modelo de reparto orzamentario, que terá aplicación xa en 2010 e do que se proporcionan mais na detalles no apartado Presupostos. E en segundo lugar as labores de redacción e elaboración do Plan Estratéxico da BUSC. Durante 2009 este último grupo, coordinado pola Directora da BUSC encargouse de elaborar unha enquisa de avaliación do servizo por colectivos e da organización dunha xornada de traballo para o persoal da BUSC destinada a realizar unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, fortalezas e Oportunidades) da biblioteca.

Enquisa de avaliación da satisfacción cos servizos bibliotecarios

O 23 de abril, Día do Libro, a Biblioteca Universitaria da USC puxo en marcha o proceso de avaliación de satisfacción cos seus servizos, baixo o lema "Fai que a túa opinión conte!". A través de enquisas electrónicas dirixidas a diferentes colectivos universitarios, recolleuse a información necesaria para detectar as oportunidades de mellora do servizo de bibliotecas, elemento imprescindible para emprender as accións que permitan aumentar a calidade do mesmo. Co asesoramento da Área de Calidade da Vicerreitoría de Calidade e Planificación, deseñáronse catro enquisas diferentes, destinadas a Persoal Docente e Investigador (PDI), alumnos, Persoal de Administración e Servizos da USC (PAS-USC) e Persoal de Administración e Servizos da Biblioteca (PAS-BUSC) respectivamente. Os membros dos colectivos citados recibiron no seu correo electrónico unha mensaxe invitándoos a participar no inquérito. Para incentivar a participación sorteáronse cinco ebooks entre os que respostaron as enquisas. Na páxina web da Área de Calidade da USC¹ pódense consultar os resultados dun xeito detallado, e desagregados por colectivos (PDI; alumnos; PAS; PAS da BUSC), polo que unicamente expoñemos nesta presentación os datos máis representativos dos diferentes sectores enquisados:

Boa valoración global da BUSC como servizo nos catro colectivos enquisados. (un 60% dos alumnos está bastante ou moi satisfeito, porcentaxe que sube ao 93% se engadimos os que se consideran satisfeitos; un 86% do PDI está bastante ou moi satisfeito co servizo, que practicamente chega ao 100% se engadimos os que se declaran satisfeitos; 80% do PAS bastante ou moi satisfeito)



1. Especialmente boas son as valoracións no que atinxe aos recursos que se poñen ao dispor da comunidade universitaria, o servizo de préstamo e a profesionalidade e atención do persoal da BUSC.

2. As peores notas correspóndenlle á comunicación e difusión do servizo. Moitos enquisados manifestan descoñecer algúns servizos que a BUSC oferta regularmente como a formación de usuarios. Tamén hai marxe de mellora nos equipamentos informáticos e na oferta de salas de traballo en grupo ou multifuncionais


3. Un elemento moi positivo foran as numerosas achegas que no apartado suxestións de mellora deixaron os participantes na enquisa.



¹ http://www.usc.es/~calidade/enquisas_biblioteca_univ.htm

Xornadas de traballo Plan Estratéxico BUSC)

Durante os días 9 e 10 de novembro de 2009 a BUSC, en colaboración coa Area de Calidade da USC, celebrou unhas Xornadas de análise DAFO enmarcadas nos traballos de elaboración do Plan Estratéxico da Biblioteca.



As Xornadas tiveron lugar no Centro de Estudos Avanzados da USC e nelas participaron os membros da Xunta Técnica de BUSC e unha representación do persoal da BUSC (facultativos, axudantes, auxiliares) de diferentes campus e quendas de traballo, ademais dos membros do Grupo de traballo que coordina a elaboración do Plan Estratéxico da BUSC e a Xefa da Area de Calidade da USC, que actuaron como coordinadores das sesións de traballo.

Non é esta memoria o lugar onde valorar as consecuencias da crise económica en 2010, aínda que xa se están apreciando dun xeito visible na capacidade de gasto da BUSC e tamén no descenso no número de recursos consorciados (en decembro de 2009 a Xunta de Galicia confirmou un recorte na súa participación económica no Consorcio de Bibliotecas Universitarias cercana ao 20% o que obrigou á cancelación dun importante número de bases de datos). Probablemente tardaremos algúns anos en volver a falar de incrementos orzamentarios, e viviremos tempos sen dúbida complicados, nos que estamos igualmente obrigados a seguir prestando un servizo, creemos que esencial, para a comunidade universitaria, a pesar das actuais circunstancias.



Presuposto

O presuposto da Biblioteca para o ano 2009 ascendeu a 3.736.000 €, un 8.57 % máis que en 2008. No cadro seguinte amósase desglosado por aplicacións:

Presuposto da BUSC 2009		
Capítulo 2	Biblioteca Xeral. Reparación e manemento mobiliario e equipamento	72.000 €
	Bibliotecas. Gastos corrente	140.000 €
	Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes	3.000 €
	Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes	9.000€
	Biblioteca: Acceso Revistas electrónicas	1.552.000€
Capítulo 6	Bibliotecas: Equipamiento	50.000€
	Bibliotecas: Adquisición libros	830.000€
	Bibliotecas: Adquisicións publicacións periódicas	1.080.000€
		3.736.000 €


Como se pode apreciar hai subas, unhas mais estimables que outras, na meirande parte dos apartados con respecto a 2008. No capítulo 2, destaca a nova aportación en gastos correntes para a Biblioteca Intercentros de Lugo e o incremento do 80% para a Biblioteca Concepción Arenal. No que atinxe ao capítulo 6, a partida destinada a equipamento sube un 25% e as relativas a adquisicións bibliográficas experimentan subas do 3,75% (monografías) e 15,78% (publicacións periódicas). Hai que lembrar que dende 2008 a cantidade destinada a pagar polos accesos electrónicos aos paquetes de revistas contratados a través do Consorcio Bugalicia aparece consignada no capítulo 2. Un ano mais esta aportación experimenta unha suba debido fundamentalmente ao incremento no prezo dos recursos electrónicos. Convén recordar que a USC aporta mais da metade das achegas correspondentes ás universidades galegas, polo que viña reclamando nos dous últimos anos unha nova distribución dos custes entre as tres universidades participantes no Consorcio. Esta demanda finalmente fructificou nun acordo que será efectivo en 2010.

Os créditos asignados víronse incrementados mediante os ingresos procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario que ascenderon en 2009 a 51.481,89 €.

ADQUISICIÓN BIBLIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos dez anos. No caso das revistas hai un repunte considerable dende 2007, explicado fundamentalmente polos incrementos nas achegas ao Consorcio Bugalicia.

Evolución do presuposto de adquisicións bibliográficas 1999-2009



O custo das publicacións periódicas en 2009 foi de 2.574.417,82 €, cantidade na que se inclúe a cantidade aportada ao Consorcio Bugalicia para a contratación conxunta de recursos electrónicos.

Custo Publicacións Periódicas	
Publicacións periódicas adquiridas vía concurso	997.881,78 €
Publicacións periódicas non concurso	59.549,08 €
Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente	1.516.986,96 €
	2.574.417,82 €

O crédito ordinario de adquisicións bibliográficas incrementouse con diversas achegas recollidas na seguinte táboa:

Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos	
Aportacións de Centros	25.383,22 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	275.898,67 €
Descontos en librerías	18.953,30 €
TOTAL	320.235,19 €

Existe un descenso do 34% nas aportacións dos centros con respecto ao ano anterior (38.907,07 € en 2008) no xa houbo unha caída do 28% e unha lixeira baixada (1.32%) no que atinxe ás achegas de departamentos e proxectos (279.602,72 € en 2008). Os descontos en librerías experimentan unha suba do 77% (10.710,35 € en 2008).

Un ano máis, as achegas máis salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos corresponden ás Facultades de Dereito e Filoloxía, que alcanzan entre as dúas o 86,2% do total aportado.



	Centros	Deptos., Proxec.	Total
Dereito		159.230,10 €	159.230,10 €
Filoloxía	14.994,33 €	85.478,08 €	100.472,41 €
			259.702,51 €


Nos presupostos para a adquisición de publicacións unitarias houbo varios centros con remanentes que superaron o 10% do presuposto, proporción establecida polo Consello de Goberno para que os remanentes se incorporen ao presuposto ordinario da BUSC do vindeiro ano. Son especialmente elevados os correspondentes a Psicoloxía (34.46%), Ciencias da educación (32.31%), Óptica² (21.84 %) e Relacións Laborais (18.46 %). A suma total de remanentes incorporada ao presuposto para 2010 ascende a 45.719,27€.

Tendo en conta as achegas adicionais ás cantidades inicialmente presupostadas, na BUSC destínanse ás adquisicións bibliográficas 3.561.769,96€, dos que 909.190,29 € corresponden a monografías e 2.652.579,67€ a publicacións periódicas.

EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

No seguinte gráfico amósase a evolución do presuposto dedicado a mantemento (aplicación 220) a adquisición de material inventariable (aplicación 626):

Evolución do presuposto de mantemento e equipamento 1999-2009



Pode apreciarse como a liña evolutiva no caso da aplicación destinada ao mantemento e material non inventariable permanece case inalterable dende hai seis anos. No que atinxe ao equipamento, houbo unha suba no 2008 que se continuou aínda que dun xeito menos acusado no 2009.

Ás cantidades inicialmente previstas (aplic. 220, 140.000 €; aplic. 626, 50.000€) sumáronse ingresos por valor de 51.481,89 € procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e achegas dos centros. No seguinte cadro vemos desglosadas as achegas:

Aportacións en equipamento e mantemento	
Aportacións Departamentos e Proxectos	- €
Aportacións de Centros	8.485,98 €
Ingresos por servizos	42.995,91 €
TOTAL	51.481,89 €

Con respecto ao ano pasado (56.092,96 €) hai un descenso do 8,22%.

² Nalgúns casos, como sucede con Económicas, Física, Óptica, Xeografía e Historia, Medicina e Enfermería, a ETSE e os centros do Campus de Lugo a 31 de decembro de 2009 había obras pedidas en firme e non recibidas por importe similar ou superior ao do remanente. Para máis detalle véxase o anexo estatístico.

OUTROS INGRESOS

A BUSC presentouse a convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) correspondentes ao ano 2009, coa segunda fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. A orde CUL/3728/2009, de 21 de decembro concede á Universidade de Santiago de Compostela **34.751,56 €**. A percepción da subvención farase efectiva a principios de 2010.

CAMBIO NO MODELO DE REPARTO

O modelo de reparto da cantidade asignada á BUSC para a adquisición de publicacións unitarias foi repetidamente cuestionado no que atinxe á súa eficacia e dende a Comisión da BUSC abordouse en varias ocasión o tema na procura dun modelo que acadara un maior grado de satisfacción. A finais de 2008 a Comisión decidiu abordar o tema de novo encargándolle á Xunta Técnica da BUSC a elaboración dunha proposta. O obxectivo final era acadar unha racionalización e optimización do gasto en monografías, para o cal un grupo de traballo coordinado pola Subdirectora Técnica da BUSC, e creado a instancias da Comisión estudou alternativas ao modelo vixente.

A Comisión da Biblioteca Universitaria, en xuntanza celebrada o 4 de decembro de 2009 aprobou a proposta de novo modelo de xestión do presuposto de adquisicións de monografías, que presenta como liñas xerais:

- Non dividir o presuposto para adquisición de libros, nin por centros nin por tipoloxía de usuario.
- Establecer referentes de gasto por área de coñecemento, sen asignacións económicas, para coñecer e controlar os niveis de gasto de cada área e departamento.
- A selección das obras corresponde ás Bibliotecas de Centro, as súas Comisións de Biblioteca, e/ou aos seus usuarios.
- A xestión da selección e decisión de compra seguirá estando nas direccións dos centros, onde se recibirán as peticións dos seus usuarios e no que se realizarán as comprobacións oportunas: duplicidade con outros centros, pertinencia, solicitude doutro centro, prezo, ...
- A tramitación de facturas centralízase na Biblioteca Xeral e na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo.

Na memoria de 2010 agardamos facer una avaliación da implantación deste modelo de xestión.

Persoal

DATOS XERAIS

A 31 de decembro de 2009 a BUSC contaba co seguinte persoal:

PERSOAL DA BUSC - ANO 2009	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	16
Escala de Axudantes de Bibliotecas	54
Auxiliares de Biblioteca (Func. C) /Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	118
Auxiliares Administrativos	7
Persoal especializado	2
Area conserxería	8
TOTAL	205

15

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2009 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.TB	Sab/Dom/nocturna	Area Conserx.	Persoal espec.	TOTAL
BUSC	6			2			2	10
B. Xeral	1	16	5	13		3		38
Bioloxía	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	2	3	1	8	4	2		20
Farmacia		2		4				6
Filoxía	1	4		6				11
Filos., CC.Ed., Psicol.	1	6		8				15
Física e Óptica		2		5				7
Xeografía e Historia	1	3		6				10
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5	4			12
Química		2		7				9
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	6	1	14	5	3		30
Formación Profesorado	1			3				4
TOTAIS	16	54	7	101	17	8	2	205

A Aula Universia da Biblioteca Intercentros de Lugo contou co desempeño de dous bolsellos per-tinentes á rede de aulas de informática da USC.

OPOSICIÓNS, CONCURSOS, XUBILACIONS

Por resolución reitoral do 17 de decembro de 2008 adxudicáronse os destinos dos novos 25 auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos da USC, que se incorporaron no mes de xaneiro de 2009. No momento da súa incorporación asistiron a un curso de acollida que tiña como obxectivo facilitar a súa incorporación á comunidade universitaria e darlles a coñecer os obxectivos da institución. O curso foi impartido por Dulce García Mella, Vicexerenta de recursos humanos; José Pereira Fariña, naquel momento Coordinador de Comunicación Interna e Imaxe Institucional; Dora Blanco Heras, Coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible; Fara Calvo Martínez, Xefa da Área de Calidade e Mellora dos procedementos; Isabel Casal Reyes, Directora da BUSC ; Carmen Varela Prado, Directora da Biblioteca da Escola de Formación do profesorado de Lugo; e Mónica Arribas López-Anglada, Xefa de Negociado do Arquivo Histórico Universitario.

Por resolución reitoral de 20 de marzo de 2009 resolveuse o concurso de libre designación para a provisión da dirección da Biblioteca Universitaria a favor de M^a Isabel Casal Reyes.

En agosto de 2009 xubilouse Blanca Gil Gonzalez de Careaga, que viña desenvolvendo nos últimos anos o seu traballo na Biblioteca da Facultade de Medicina.

FORMACIÓN

Durante 2009, o persoal da BUSC participou nos seguintes cursos de formación:

Organizados pola USC dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia

A Biblioteca dixital 2: Procesado de documentos dixitalizados

A Web 2.0 e o novo paradigma da información: características e implicacións nas bibliotecas

A xestión de contidos na biblioteca dixital

Arquivos electrónicos e novas políticas arquivísticas

Ensinar ao que ensina

Linguaxe Administrativa

Medios Audiovisuais

Motivación

Primeiros Auxilios para Equipos de Emerxencia

Taller de Traballo IVA e IRPF

Uso de medios Electrónicos na actividade administrativa da USC (e-universidade)

Xestión por prioridades

Organizados por outras entidades:

Alfabetizar en Información desde la Biblioteca Universitaria: Diseño de Herramientas para el aprendizaje, organizado pola SEDIC.

Aprender a Formar: Nuevas Herramientas para la Enseñanza de Habilidades Informacionales, organizado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Catalogación de recursos digitais, organizado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez



Curso de seguridad y protección contra incendios en archivos, bibliotecas y museos. Salamanca, 6-8 de outubro 2009, organizado polo Grupo de Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España.

Formación de Formadores para el uso de la Web of Knowledge, organizado pola FECYT

Gestión y Documentación Editorial: un artefacto chamado libro, organizado pola SEDIC.

Los Estudios de satisfacción de usuarios seguindo la metodoloxía LIBQUAL, organizado por REBIUN, coa colaboración do grupo SECABA.

Metadatos y su aplicación en la descripción de recursos. Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Nuevas Tecnologías para la Gestión de Museos, organizado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez

Patentes y otros títulos de Propiedad Intelectual: protección para las organizaciones innovadoras en información, organizado pola SEDIC.

Congresos, simposios

III Congreso Nacional sobre Bibliofilia, Encuadernación artística, restauración y patrimonio bibliográfico, Cádiz, 3-6 de febreiro de 2009.

Towards a European Virtual Library in Mathematics, Facultade de Matemáticas da USC, 13 e 14 de marzo de 2009.

VII Jornadas CRAI: Competencias informáticas e informacionais en el ámbito universitario, Madrid, 3-5 de xuño.

XIII Jornadas Nacionales de Información y Documentación en Ciencias de la Salud, Oviedo, do 14 ao 16 de outubro de 2009.

4º Encontro do Grupo de Trabajo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas (Ibercarto), Archivo General de Simancas, 16 de outubro de 2009.

VI Simposio O libro e a lectura: "O libro dixital, presente e futuro", organizado pola Asociación Galega de Editores. 13 e 14 de novembro de 2009.

II Jornada Documat : Digitalizaciones y documentación científica en matemática, organizada pola Facultad de CC. Matemáticas de la Universidad Complutense de Madrid. 26 de novembro de 2009

XIX Reunión Documat, organizada pola UNED. Madrid, 27 de novembro de 2009 el 27 de Noviembre de 2009

OUTRAS PARTICIPACIÓNS

Por indicación de Xerencia da USC, a Directora da BUSC formou parte do grupo de traballo encargado de elaborar unha proposta de baremos para substituír ao que lle é de aplicación na actualidade ao concurso de PAS funcionario. O traballo desenvolveuse nos meses de abril a xullo, data na que se lle entregou á Xerencia da USC a proposta realizada.

En setembro de 2009, a Directora da Biblioteca Intercentros de Lugo, Julia Cantalapiedra realizou unha viaxe de traballo á Universidade de Leipzig. Na Universitätsbibliothek Leipzig aproveitou para coñecer as instalacións da biblioteca universitaria, con especial atención ás da biblioteca da Facultade de veterinaria. Así mesmo comprobou os pasos dados no desenvolvemento dun modelo de biblioteca universitaria en sintonía co novo paradigma docente, a organización e os servizos que oferta, especialmente os referidos á adquisición de competencias informacionais.

A Directora da Biblioteca da Escola de Formación do profesorado do Campus de Lugo, Carmen Varela Prado, presentou o traballo *Adquisición de competencias en e-learning: la competencia informacional, una responsabilidad compartida docencia/biblioteca* no marco dos XIV Encuentros Internacionales sobre Sistemas de Información y Documentación (IBERSID 2009), celebrados en Zaragoza.

Instalación e equipamento

OBRAS

En xaneiro de 2009 comezaron as obras de reparación e mellora das fachadas, cubertas e sala de lectura do Colexio de Fonseca, o que obrigou a pechar temporalmente o acceso á Biblioteca Xeral. En maio reabríronse as salas de lectura e consulta de fondos, ao tempo que se executaba o cambio de teito e iluminación en áreas de traballo interno. A reparación das cubertas non se rematou ata finais de 2009, debido a paralización das obras por problemas administrativos. No momento de redactar esta memoria aínda resta por executar o cambio de carpintería nas ventás do Claustro Alto do edificio.



Biblioteca Xeral. Sala de lectura

En xuño de 2009 reabriuse a biblioteca da Facultade de Bioloxía, froito da primeira fase de remodelación da Facultade. A nova biblioteca ten 289 postos de lectura, todos eles dotados de conexións eléctricas para portátiles, e seis mesas de traballo para investigadores. Ademais conta cunha sala multifuncional idónea para traballo en grupo e cursos de formación. Toda a colección está en acceso libre. Unha das melloras máis significativas está na ganancia en metros lineais para almacenamento do fondo bibliográfico: un total de 381 metros lineais repartidos entre a zona de depósito e os andeis da sala de lectura. Ademais o espazo global da biblioteca aumentou con respecto ás instalacións anteriores en 70 metros cadrados.



Biblioteca da Facultade de Bioloxía

Na biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte) tamén se acometeron obras de reforma co obxectivo de acadar un mellor aproveitamento dos espazos e proporcionar un mellor servizo aos usuarios. Neste caso procedeuse ao acondicionamento dun espazo situado na planta baixa da Facultade cedido polo decanato para ubicar a colección de revistas pechadas, e uns 5000 volumes de baixa ou ningunha demanda. As actuais dependencias da biblioteca acomodáronse para facilitar o libre acceso á colección remodelando o espazo de atención ao público e colocando 58 m. de andeis en substitución das vellas estanterías metálicas, faltando aínda substituír 165 m.

20



Bibliot. Fac. CC. Educ. antes da reforma



Bibliot. CC.Educ. tras a reforma

Na Biblioteca Concepción Arenal mellorouse a información estática por medio de dúas accións: a posta en marcha dun sistema de información a través dunha terminal de TV de 45 polgadas colocado na cristaleira de entrada e os cambios no sistema de paneis e cartelería. Estas acción unidas á reubicación de fondos diminuíron en máis do 80 % as solicitudes de información sobre os fondos.

Na biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía acometéronse varias actuacións destinadas a ampliar a zona destinada a acceso directo, incorporar a aula de informática á biblioteca e reestruturar os depósitos en acceso cerrado para reducir peso sobre a placa.





Biblioteca Fac. Medicina



Biblioteca Fac. Medicina

Non houbo cambios sen embargo nunha situación xa exposta na memoria do ano anterior: a carencia de espazo para almacenamento e depósito do material bibliográfico de menor uso. Contar cunha biblioteca depósito permitiría dispor de espazo para coleccións máis actualizadas e, sobre todo, axeitadas ás necesidades da comunidade universitaria nos diferentes puntos de servizo da Biblioteca Universitaria. No anexo estatístico pódese atopar unha relación detallada dos metros lineais dispoñibles nos centros. O problema loxicamente empeora ano a ano. De novo resaltamos, como na Memoria 2008 a situación nas bibliotecas das Facultades de Económicas e de Físicas onde non contan xa con andeis libres nos depósitos. Non é moito mellor o panorama na Biblioteca da Facultade de Medicina, na Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación do Campus Sur, na da Escola de Formación do Profesorado de Lugo ou na de Xeografía e Historia. No que atinxe á biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación do Campus Sur hai que sinalar outros problemas relativos aos espazos cos que conta que imposibilitan a día de hoxe ofrecer acceso libre aos fondos bibliográficos e unha ratio de postos de lectura acaída ás necesidades dos centros aos que da servizo.

EQUIPAMENTO

Cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes de Fotodocumentación e Préstamo Interbibliotecario, abordouse coma en anos anteriores á substitución e/ou adquisición de equipos informáticos e mobiliario. Investíronse un total de 110.349,18 € neste capítulo. No cadro seguinte pode verse unha relación do equipamento adquirido desagregado por bibliotecas:

BIBLIOTECA		
Biblioteca Xeral	7	Ordenadores de sobremesa
	1	Ordenador portátil
	17	Lectores de código de barras
	1	Cámara dixital
	2	Carros para libros
Bioloxía	3	Ordenadores de sobremesa
Económicas	42	Cadeiras
Concepción Arenal	3	Ordenadores de sobremesa
	10	Ordenadores portátiles
Farmacia	2	Cadeiras
Filoxía	1	Arco antifurto
	3	Ordenadores de sobremesa
Psic., Filos. e Cc. Educ.	1	Activador/Desactivador
	10	Ordenadores de sobremesa
	2	Impresoras
	10	Cadeiras
		Estanterías
Física	1	Ordenador de sobremesa
Xeografía e Historia	3	Ordenadores de sobremesa
	2	Impresoras
Matemáticas	1	Ordenador de sobremesa
	1	Ordenador portátil
	2	Cadeiras
		Estanterías
Medicina	6	Ordenadores portátiles
Química	3	Ordenadores de sobremesa
Intercentros Lugo	2	Ordenadores de sobremesa
	1	Ordenador portátil
	2	Pantallas de información
E. F. Profesorado (Lugo)		Estanterías
	2	Ordenadores portátiles
ETSE		Estanterías

Nalgúns casos vaise facendo paulatinamente a substitución do mobiliario deteriorado, como sucede no caso das cadeiras da biblioteca da Facultade de Económicas, pois a dotación orzamentaria para equipamento sempre resulta insuficiente para afrontar todas as necesidades. Un ano máis hai que destacar a colaboración cos centros ou Vicerreitorías para a asunción conxunta de gastos neste concepto. Así a Vicerreitoría de Coordinación de Lugo colaborou na adquisición e montaxe de dúas pantallas de información para a Biblioteca Intercentros de Lugo; a Vicerreitoría de Infraestruturas asumiu o custo do cambio de persianas da sala de lectura da biblioteca da Facultade de Farmacia, substituíndo as existentes por unhas motorizadas (este arranxo estaba solicitado dende o ano 2007, debido a que o peso excesivo das vellas persianas provocou accidentes laborais); a Escola Técnica Superior de Enxeñería contribuíu a compra dun corpo de andeis que permitiu gañar 45 metros lineais na biblioteca deste centro; e a Facultade de Ciencias da Educación participou nas obras de remodelación e mellora de



espazos da biblioteca de Ciencias da Educación no Campus Norte, asumindo o custo do acondicionamento das salas e cedendo un espazo para gardar parte da colección menos consultada. Neste último caso, a BUSC asumiu o custo dos novos andeis e adquiriu un novo sistema de desmagnetización do material bibliográfico e cinco ordenadores de sobremesa para uso público.

Finalizamos este apartado sinalando a necesidade de dotar con equipos multifuncionais de reprodución a determinados puntos de servizo da BUSC. A obsolescencia dos equipos de reprografía nalgunhas bibliotecas (carentes xa de mantemento debido á súa antigüidade) ou directamente a carencia dos mesmos (avariados e non reparados por parte da empresa concesionaria) obrigou á Dirección da BUSC a plantexar na Xerencia da USC a urxente necesidade de dotar de máquinas de reprografía multifuncionais, cando menos nas bibliotecas peor dotadas. A finais de 2009 a Xerencia comezou a elaboración dun estudo de necesidades na BUSC e no resto da Universidade. Agardamos que en 2010 se dean os pasos precisos para dar solución aos centros afectados.

Desenvolvemento das coleccións

En 2009 ingresaron na BUSC 40.096 volumes, un 25,8% mais que no ano anterior. Destes títulos, 21.917 (10,5% menos que en 2008) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (estas achegas poden verse nas táboas do apartado "Presuposto" no *Anexo estatístico*). Por intercambio ingresaron 1.725 títulos (un 11,4 % mais que en 2008) e por doazón un total de 16.454 (fronte aos 5.841 volumes de 2008, un 181,7%).

Aínda que nos últimos catro anos os números son bastante similares, en 2009 hai un repunte considerable dos ingresos pola vía da doazón, explicados fundamentalmente pola incorporación á colección da Biblioteca Concepción Arenal de todo o fondo do Centro de Documentación Europea (agora chamado Centro de Estudos e Documentación Europeos CEDE) e da biblioteca do profesor José Manuel Lete del Río integrada por máis de 800 títulos de monografías e doada pola familia do falecido catedrático de Dereito Civil da USC.

No resto das bibliotecas as cifras non manifestan diferenzas destacables con respecto a 2008, agás na biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación (cun incremento de mais do 100% en número de volumes por compra), na biblioteca da Escola de Formación do Profesorado do Campus de Lugo (con subas nos ingresos por compra e doazón moi estimables) e na Biblioteca Intercentros de Psicoloxía, Filosofía e Ciencias da Educación que rebaixa case nun 50% os ingresos pola vía da compra e sube de xeito moi destacado as incorporacións procedentes de doazóns. No *Anexo estatístico* poden verse as cifras para cada biblioteca.


Sinalábase na memoria do ano anterior que a Biblioteca da Facultade de Filoloxía acumulaba cerca de 11.000 volumes sen procesar procedentes de doazóns diversas, entre as que estaba a correspondente á biblioteca do profesor alemán Walter Haug recibida en marzo de 2008. Durante 2009 fóronse dando pasos para afrontar o custo da súa catalogación e no momento de redactar esta memoria xa se está catalogando o fondo doado.

DISTRIBUCION DAS OBRAS INGRESADAS

A distribución das monografías ingresadas por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS			TOTAL
	Compra	Doazón	Intercambio	
B. Xeral	4.163	1.584	311	6.058
Bioloxía	365	102	82	549
Económicas	1.363	560	70	1.993
C.Arenal	3.216	9.283	156	12.655
Farmacia	261	194	5	460
Filoxía	2.451	549	315	3.315
Fª, Cc. Educ. Psicol	2.632	1.629	176	4.437
Física Optica	411	36	18	465
Xeografía e Historia	1.364	823	346	2.533
Matemáticas	286	18	79	383
Medicina	375	176	50	601
Química	219	38	9	266
ETSE	331	88		419
Intercentros	1.909	820	90	2.819
CC. Comunicación	1.701	186	12	1.899
Formación Profesorado	627	364	1	992
Enfermería	233	2	5	240
Observatorio	10	2	-	12
TOTAIS	21.917	16.454	1.725	40.096


Monografías ingresadas durante 2009



No que atinxe á colección de publicacións periódicas, as variacións con respecto a 2008 son mínimas. En xeral hai un lixeiro descenso no número de coleccións abertas (en calquera das modalidades de adquisición). Na táboa e gráficos seguintes ofrecemos os datos desagregados por biblioteca.

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS					
	Pechadas	Abertas			Total	TOTAL
	Títulos pechados	Compra	Doazón	Interc.	Abertas	Abertas Pechadas
B. Xeral	9.795	91	482	155	728	10.523
Bioloxía	842	105	43	186	334	1.176
Económicas	2.297	268	270	81	619	2.916
C.Arenal	3.262	465	127	146	738	4.000
Farmacía	1.310	96	71	53	220	1.530
Filoloxía	1.635	483	112	245	840	2.475
Fª, Cc. Educ. Psicol	1.288	340	94	230	664	1.952
Física Optica	489	47	8	4	59	548
Xeografía e Historia	1.813	326	81	257	664	2.477
Matemáticas	385	121	24	35	180	565
Medicina	2.109	163	104	11	278	2.387
Química	603	47	7	8	62	665
ETSE	31	14	11	1	26	57
Intercentros	910	237	125	110	472	1.382
CC. Comunicación	623	40	59	2	101	724
Formación Profesorado	203	49	63	16	128	331
Enfermería	100	18	25	-	43	143
Observatorio	312	11	20	-	31	343
TOTAIS	28.007	2.921	1.726	1.540	6.187	34.194

Coleccións de publicacións periódicas 2009




INCORPORACIÓNS DESTACADAS

Durante 2009 a colección da BUSC viuse incrementada con importantes doazóns. Xa se indicou máis arriba a incorporación á Biblioteca Concepción Arenal de todo o fondo do **Centro de Documentación Europea** (agora chamado Centro de Estudos e Documentación Europeos CEDE) que veu da Facultade de Económicas, composto por máis de 8.000 monografía, 150 títulos de revistas, 430 folletos e 426 caixas de diarios de sesións, dictames... de distintos organismos europeos e da biblioteca do **profesor José Manuel Lete del Río** integrada por máis de 800 títulos de monografía e donada pola familia do catedrático de Dereito Civil da USC.

A familia de **D. Enrique Vidal Abascal** fixo unha doazón á Biblioteca da Facultade de Matemáticas de publicacións de matemáticas dos anos 1940-1960, entre as que destacamos *Gaceta Matemática*, *Revista matemática hispanoamericana* e *Actes du Congress International des mathématiciens*.

D. Manuel de la Iglesia-Caruncho, ata 2009 Comisionado para a reforma de la Agencia Española de Cooperación Internacional (AECI) e destacado experto no campo da cooperación ao desenvolvemento en América Latina, fixo entrega de preto de 300 títulos á BUSC. Os fondos doados, gran parte deles adquiridos polo doante nos diferentes países latinoamericanos onde desenvolveu o seu traballo dende os anos oitenta, atoparon acomodo nunha das coleccións senlleiras da BUSC, a Biblioteca América.

En virtude dun acordo de colaboración suscrito pola USC e os herdeiros Valle-Inclán Alsina, dende novembro de 2009 atópanse depositados na Biblioteca Xeral os **manuscritos orixinais do escritor don Ramón del Valle-Inclán**. O depósito composto por máis de 5.000 páxinas autógrafas (entre obra inédita e publicada) e outros documentos do escritor realizouse coa finalidade de permitir o seu estudo e publicación pola Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela.



Entre as **incorporacións do fondo Galicia** destacamos a obra de Tomás Alva Negri, *Ejecución del testamento de Simón Mayor*, que conta con gravados de Luis Seoane e foi publicada en Bos Aires en 1978; a primeira edición (Barcelona, 1945) de *Pisando la dudosa luz de día*, de Camilo José Cela; *Ejemplario, libro de lectura* (Montevideo, 1926), da poetisa uruguaia de orixe galega Juana de Ibarbourou. Igualmente pasou a formar parte da colección a obra de Eduardo Pondal *A campana d'Anllóns* (A Coruña, 1895) na súa primeira edición. Máis antiga no tempo é *Viages de D. Jacinto de Salas y Quiroga: Isla de Cuba* (Madrid, 1840), obra recentemente reeditada pola Cátedra de Cultura Cubana Alejo Carpentier. De interese para estudar o tema da Inquisición e a censura en Galicia durante a Guerra da Independencia resulta a *Representación y sencilla exposición que el Cabildo de la Catedral de Orense ha hecho al Supremo Consejo de Regencia, del atentado cometido contra esta Sta. Iglesia y sus capitulares, por D. Francisco Hubert, Ayudante General del Estado Mayor del Ejército de Reserva de Galicia*, publicada en Santiago de Compostela en 1813. Adquiriuse a primeira edición en francés de *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor e *Un Informe forense : (el asesinato de la Hildegart visto por el fiscal de la causa)*, de Jose Valenzuela Moreno, publicado en Madrid en 1934. Finalmente reseñamos a adquisición do *Informe del origen, antigüedad, calidad, i sucession de la Excelentissima Casa de Sarmiento de Villamayor, y las unidas a ella por casamiento : escrito a instancia del ... Señor Don Felipe*



Baltasar de Gante .. por Don Ioseph Pellizer de Ossau i Tovar, publicado en 1663 en Madrid e escrito polo Cronista Mayor de Felipe IV, José Pellicer de Osau y Tovar, de especial interese para o estudo da xenealoxía e os orixes da familia Sarmiento de Vilamayor.


No **fondo xeral** é obrigado citar a adquisición da edición facsimilar do *Leicester Codex*, tamén coñecido como Hammer Codex. Trátase dunha colección de textos e debuxos realizados por Leonardo Da Vinci e recompilados entre 1508 e 1510, que abordan unha ampla variedade de temas técnicos e científicos que inclúen a astronomía, meteoroloxía, xeoloxía ou paleontoloxía, xunto con algúns escritos autobiográficos e relatos de viaxes.

COLECCIÓN CONSORCIADA

Durante o ano 2009 as universidades galegas tiveron accesibles a través de acordos realizados entre o Consorcio Bugalicia e os distintos axentes da edición electrónica un total de 19.090 revistas, 18.381 monografías e 50 bases de datos, ademais das bases do ISI Web of Knowledge (*Current Contents*, *Journal Citation Reports*, *Web of Science+Proceedings* e *Essential Science Indicators*) financiadas pola Fecyt (Fundación Española de Ciencia y Tecnología). Non puido ser renovada a base de datos *Scopus* debido a problemas de financiamento, que tamén incidiron na cancelación de *Lexis-Nexis*, debido o seu elevado prezo-consulta. Igualmente en 2009 causou baixa o paquete de revistas de Taylor & Francis debido o alto custe por descarga que veu presentando nos dous anos nos que estivo contratado, aínda as tres universidades galegas conservan un acceso parcial ao contido electrónico de 2007 e 2008 das revistas contratadas inicialmente en papel. Na páxina web do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia pódese atopar una información mais pormenorizada dos recursos accesibles. No apartado *Servizos* desta Memoria ofrecemos datos de uso dos recursos consorciados.

PRESERVACION

Parte da dotación do convenio asinado entre a USC e a Fundación Cidade da Cultura no ano 2008 foi destinada á adquisición de material para a preservación e restauración de obras do fondo da BUSC. Isto permitiu en 2009 reparar máis dun centenar de libros e unha ducia de xornais. O traballo incluíu a fabricación de cartafolios fráxiles, o arranxo de follas rotas utilizando papel xaponés, o planchado de follas, reparación de lombos despegados de libros, cubertas rotas e reposición de gardas. Empréganse colas reversibles e materiais sen acidez. Nas fotos presentamos o antes e o despois da reparación dun xornal:




Bases de datos bibliográficas e procesos


A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio, e das catalogacións que se fan sobre o fondo histórico da Biblioteca Xeral.

Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC, para monografías e revistas.


Catálogo completo



Catálogo Galicia




Catálogo Xeral




Do total de descrições bibliográficas (1.032.590), 38.297 pertencen á Biblioteca América e 51.791 ao fondo histórico, coa seguinte distribución atendendo ao tipo de rexistro:

Biblioteca América



Fondo histórico



PROCESOS

Fondo antigo. Nos primeiros días do mes de xaneiro de 2009 integráronse no noso catálogo os rexistros procedentes da última fase da catalogación feita na Biblioteca Xeral polo grupo de traballo do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico durante 2007-2008. Coa incorporación de **7.332** rexistros bibliográficos e de **7.612** rexistros de exemplar complétase a catalogación automatizada do fondo histórico albergado na Biblioteca

Proxecto Base de Datos de Autores Galegos. Accesible dende xuño de 2007, continuase actualizando a Base de Datos de Autores Galegos. Lembremos que esta base de datos ofrece información biobibliográfica dos autores que figurando no catálogo da BUSC, son naturais de Galicia, teñen vinculación coa cultura galega, ou desenvolven en Galicia a súa actividade profesional ou creativa. Actualízase periodicamente cos rexistros de autoridade do sistema Millennium e ten na actualidade **9.241** rexistros.

Proxecto de tradución dos encabezamentos de materia ao galego. Tal e como se informou na memoria do ano 2008, a BUSC encetou este proxecto coa idea de ofrecer aos seus usuarios a busca temática en galego. Tras unha primeira fase de tradución dos encabezamentos de materia en castelán realizada polo Servizo de Normalización Lingüística da USC, o traballo centrouse na introdución nos rexistros de autoridade de tema no sistema integrado de xestión bibliotecaria Millennium dos termos equivalentes en galego. Se temos en conta que o noso catálogo supera a día de hoxe o millón de rexistros bibliográficos dedúcese con facilidade que o proceso de traducir os encabezamentos ao galego foi longo e laborioso. O devandito proceso rematou a finais do ano 2009. En total son **67.572** rexistros de autoridade que permitirán aos usuarios buscar no catálogo indistintamente por termos en galego ou en castelán: a busca en galego conduce directamente ás referencias bibliográficas mentres que a busca en castelán leva en primeira instancia aos termos normalizados en galego e, dende aquí, ás referencias bibliográficas. A seguinte fase deste proxecto consistirá na tradución ao galego dos encabezamentos de tema relativos aos nomes xeográficos ou topónimos

Manual de Procedemento en Catalogación. Co obxectivo de coordinar e homoxeneizar o traballo desenvolvido en catalogación, comezou a revisión e posta ao día do anterior *Manual de catalogación*. Con esta revisión trátase de adaptar o texto aos cambios producidos nos estándares nacionais e internacionais de catalogación. O grupo de traballo encargado da súa redacción continuará en 2010 os labores de redacción do Manual intentando conxugar a dobre finalidade do catálogo: ser unha ferramenta de busca, localización e acceso aos recursos para os usuarios, e ao mesmo tempo unha ferramenta para a xestión interna das adquisicións, o desenvolvemento das coleccións e a xestión do préstamo de obras aos usuarios.


ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS

BASES DE DATOS

Durante 2009 a BUSC tivo acceso a 90 bases de datos en rede (consoiciadas ou propias da Biblioteca). Dado que non todas as bases teñen unha interface web ou versión internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas na Rede de CD-ROMs da BUSC.

As estatísticas de uso das bases consoiciadas ofrecémolas diferenciadas atendendo aos datos proporcionados por Bugalicia, posto que unhas bases de datos presentan datos de uso baseados en sesións e outras baseados en consultas. No que atinxe aos primeiros, estos son os resultados en 2009 (acompañados dos obtidos en 2008):

Bases de datos 2008 - Sesións



Non houbo acceso web a *Acta Sanctorum*, por iso non se proporcionan datos dese recurso. En xeral apréciase unha baixada leve (algo máis acusada en SABI) de todos os recursos consignados neste apartado.

A comparación destas estatísticas coas das outras dúas universidades do Consorcio queda como segue:


Coruña	24.539	27,17%
Santiago	20.087	22,21%
Vigo	45.800	50,62%
Total	90.426	100,00%

A continuación ofrecemos os datos referidos ao número de consultas das bases de datos consorciadas en 2008 e 2009, para apreciar a evolución no consumo. Deberemos ter en conta que os datos de *Scopus* abranguen únicamente os seis primeiros meses do ano debido á cancelación da súa subscripción. Incorporáanse en 2009 dúas bases de datos gratuítas *PILOTS Database* e *Oceanics Abstracts*.

Bases de datos	nº consultas 2008	nº consultas 2009
Teacher reference center	139	60
Pascal	261	87
Oceanic Abstracts		843
PIO	396	426
Greenfile	469	429
Philosopher's index	621	525
Regional business news	715	193
PILOTS Database		2.124
Francis	789	377
Lista	837	278
Compendex	893	1.523
Inspec	902	1.429
The serials directory	929	135
Westlaw international	973	223
Cinahl	999	491
Sport discus full text	1.039	401
Ulrichs	1.140	2.855
Lion	1.189	1.671
MLA	1.443	1.460
IPA	1.454	762
PQ dissertation and theses	1.500	1.537
Eric	2.099	1.694
Asfa	2.789	3.635
Econlit	2.915	1.259
LLBA	4.153	2.776
Biological abstracts	5.639	3.447
BSP	8.773	7.100
Psycinfo	10.456	12.692
Medline	14.999	19.483
Mathscinet	38.898	37.586
Scopus	47.505	45.984
Westlaw	73.374	93.877
Scifinder	124.021	93.930
TOTAL CONSULTAS	352.309	341.292

Bases de datos - Consultas 2008-2009

Bases de datos - Consultas 2008-2009




Destacan polo seu incremento no uso *Westlaw*, *Inspec*, *Compendex*, *Ulrichs*, *Lion*, *Asfa*, *Psycinfo* e *Medline*. Pola contra, experimentan caídas importantes no seu uso *Pascal*, *Regional Business News*, *Francis*, *Lista*, *IPA*, *Econlit*, *LLBA* y *Biological Abstracts*.

No total do uso no Sistema Universitario Galego, a USC segue a ser quen máis emprega en datos absolutos as bases de datos -aínda que con respecto a 2008 hai unha caída de case dous puntos no consumo-, a Universidade de Vigo non experimenta cambios e sube a Universidade da Coruña.

Coruña	128.063	18,86%
Santiago	341.292	50,21%
Vigo	210.245	30,93%
Total	679.600	100,00%

No gráfico seguinte están recollidos os datos de uso da **Web of Knowledge (WoK)**, desagregados nos diferentes produtos que a integran. Ao comparalos cos recompilados en 2008, apreciamos unha suba considerable do seu emprego. Estudados os datos mensuais, apréciase un incremento do uso na segunda metade do ano, probablemente explicada pola cancelación de *Scopus*.

Web of Knowledge 2008-2009




Na comparativa das tres universidades galegas, de novo o máximo uso absoluto osténtao a USC, que ademais incrementa o número de consultas con respecto a 2008 en dous puntos porcentuais.

Coruña	31.612	17,38%
Santiago	86.874	47,80%
Vigo	63.310	34,82%
Total	181.796	100,00%

O uso das bases de datos en CD da rede da BUSC amosan un total de 5.569 accesos distribuídos como segue:




Bases de datos da rede da BUSC - 2008



As estatísticas das bases de datos da BUSC en versión web son as seguintes:

BUSC - Bases de datos web 2009



DIALNET


As estatísticas do ano 2009 da base de datos DIALNET para a BUSC resúmense na seguinte táboa:

ESTADÍSTICAS DIALNET 2009	TOTAIS
Nº de sesións realizadas polos usuarios	41.562
Nº de accesos realizados polos usuarios	105.116
Nº de descargas realizadas polos usuarios	24.361
Nº de buscas de documentos realizadas polos usuarios	15.802
Nº de usuarios rexistrados a 31/12/2008	670
Nº de subscricións de revistas polos usuarios a 31/12/2008	7.011
Nº de documentos creados pola BUSC	2.106
Nº de alertas de revistas xeradas para a BUSC	13.200

LIBROS ELECTRÓNICOS

Canto das monografías en liña propias da BUSC, as estatísticas poden verse no seguinte gráfico. *Harrison Online* segue a ser o produto con máis consultas, pero teñen un uso tamén importante a *Encyclopedia Britannica online* e *Oxford Reference Online*.

Estatística monografías en liña 2009



Como parte do paquete consorciado do IEEE, pódese acceder aos IEEE Conference Proceedings (11.052 títulos) e IEEE Standards (2.960 títulos), o uso dos cales, por parte dos usuarios da Universidade de Santiago, amosa as seguintes cifras, un 30% inferiores ás rexistradas en 2008:

Descargas de estándares e actas de congresos	
IEEE conference proceedings	4.184
IEEE standards	27
TOTAL	4.211


As estatísticas correspondentes a *netLibrary* (4.369 títulos), recurso consorciado, refírense ao conxunto das 3 universidades polo que non se pode obter o uso individualizado da USC. O total ascende en 2009 a 1.311 descargas, o que representa un descenso do 30,1% con respecto ao ano anterior (1.876 descargas).



REVISTAS ELECTRÓNICAS


A BUSC tivo acceso durante 2009 a 19.667 títulos. Inclúense nesta cifra as revistas da BUSC (577 títulos) que non aparecen en ningún dos paquetes accesibles a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e as incluídas nas bases de datos a texto completo *Business Source Premier (BSP)*, *Periodicals Archive Online*, *JSTOR*, *Sport Discus Full Text*, *Lion* e *CINAHL*. Das revistas exclusivamente da BUSC non se posúen datos de todos os títulos.

Revistas electrónicas a texto completo




As estatísticas amosan que se fixeron un total de 537.395 descargas de artigos a texto completo (un 16,5% máis que en 2008). A suba é especialmente importante en ACS, ScienceDirect, Springer ou Nature. Tamén hai paquetes de revistas que baixan no número de descargas. É o caso de IEEE, Oxford ou JSTOR. Nos gráficos seguintes poden verse os datos totais e as porcentaxes correspondentes a cada editor.

Descarga de artigos a texto completo 2009




Descargas de artigos a textos completo 2009. Pcentaxes



O 56% das descargas correspóndense con títulos do paquete de ScienceDirect. O segundo paquete en porcentaxe volve a ser, como sucedeu en 2008, a colección de revistas da American Chemical Society (ACS), dunha rendibilidade moi elevada tendo en conta o número de títulos que a integran (46 publicacións). Nos anexos ofrécese unha relación dos títulos das revistas máis utilizadas en 2009 agrupadas por editor³.

No gráfico seguinte amósase a evolución das descargas de artigos a texto completo durante os últimos anos. A subida experimentada a partir do ano 2004 ven motivada pola incorporación dos títulos dos paquetes de revistas electrónicas adquiridos consorciadamente. Pódese apreciar que a tendencia ascendente consolídase nos últimos tres anos.

Descargas de artigos a texto completo - 2001-2009



RefWorks

Dende o ano 2007 todos os membros da comunidade universitaria teñen ao seu dispor o xestor de citas bibliográficas RefWorks, adquirido a través do Consorcio Bugalicia. Gracias a esa ferramenta o usuario pode:

- Crear unha base de datos persoal para almacenar referencias importadas doutras bases de datos (ScienceDirect, ProQuest, Google Scholar...) ou engadilas manualmente.

- Clasificar as referencias almacenadas creando carpetas temáticas, por asignatura, proxecto, etc.

- Dar ás citas almacenadas o formato bibliográfico desexado (MLA, Vancouver, Chicago, APA, personalizado...) e exportalas a un documento de texto.

A finais de 2009 RefWorks contaba con 1.901 usuarios rexistrados e cun total de 285.783 referencias bibliográficas.

REPOSITORIO DA USC

En 2009 rematou a instalación do servidor que aloxa ao repositorio institucional da USC. Nel están aloxadas 203 obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC (dixitalizadas grazas a unha subvención do Ministerio de Cultura concedida en 2007) e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. En agosto de 2009 a BUSC presentouse a unha nova convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) coa segunda fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. A orde CUL/3728/2009, de 21 de decembro concede á Universidade de Santiago de Compostela 34.751,56 €. A percepción da subvención farase efectiva a principios de 2010 o que permitirá incrementar o fondo patrimonial disponible no repositorio. Restan por finalizar tarefas de adaptación dos rexistros aos estándares de metadatos METS e Premis, así como abordar a súa difusión entre a comunidade universitaria.

³ Datos proporcionados polo Consorcio Bugalicia.

FORMACIÓN DE USUARIOS

Os datos relativos ao programa de formación de usuarios poden verse no seguinte cadro:

BIBLIOTECA	Cursos	Sesións	asistentes (1º, 2º e 4º ciclo)	asistentes (3º ciclo, masters, postgrao, prof/ invest.)
B. Xeral	-	-	-	-
Bioloxía	1	2	33	
Económicas	4	40	900	27
C.Arenal	9	18	598	52
Farmacia	2	20	120	
Filoxía	4	4	120	28
Fª, Cc. Educ. Psicol	8	22	419	54
Física Óptica	1	1	52	-
Xeografía e Historia	1	3	120	
Matemáticas	1	3	41	-
Medicina				
Química	1	1	5	
ETSE	1	2	4	
Intercentros	15	35	292	217
CC. Comunicación	1	1	70	-
Formación Profesorado	6	18	450	30
Enfermería			-	
TOTAL	55	170	3224	408

Con respecto a 2008, hai descensos xeneralizados no número de asistentes e no número de cursos impartidos. Hai excepcións a esta regra: a Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais triplica o número de sesións impartidas e experimenta unha suba considerable no número de asistentes (o ano anterior contou con 120), a Biblioteca da Escola de Formación do profesorado de Lugo (con 430 asistentes) e a Biblioteca Intercentros de Lugo que duplica o número de alumnos asistentes. O programa de formación de usuarios foi unha das accións de mellora propostas no informe final de avaliación da BUSC abordado en 2005. Tendo en conta os datos estatísticos de 2009 e os resultados da enquisa de satisfacción da BUSC⁴, onde se puña de manifesto que a formación de usuarios resultaba descoñecida para moitos dos que respostaron ou pouco acaída ás súas necesidades, cómpre revisar o programa de formación de usuarios. Un elemento máis que abonda nesta idea é o acordo do Consello de Goberno da USC de 25 de marzo de 2010 que, de conformidade coas liñas xerais da USC para as novas titulacións de Grao, recoñece para todas as titulacións de Grao, como competencias transversais informacionais cursos ofertados dende a Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, orientados ao alumnado das titulacións de grao en dous niveis; básico e medio.

A BUSC continuou en 2009 a colaboración co ICE no *Programa de Formación e Innovación Docente* impartindo cursos ao Personal Docente e Investigador. Estes cursos están destinados a dar a coñecer os recursos de información que a BUSC pon á disposición da comunidade docente e investigadora, adaptándoos ás especificidades da súa área de coñecemento, dando continuidade a unha iniciativa que arrancou no ano 2005 coa fin de desenvolver habilidades informacionais no PDI. Os obxectivos destas sesións formativas son os seguintes: coñecer as posibilidades que ofrece a Biblioteca Universitaria como soporte á investigación, á docencia e á aprendizaxe; proporcionar aos docentes as ha-

4 Disponibles no enderezo: http://www.usc.es/~calidade/enquisas_biblioteca_univ.htm



bilidades necesarias para localizar, recuperar e avaliar a información na súa área de coñecemento; e organizar a información e normalizar as citas bibliográficas dacordo coa normativa internacional coa axuda de xestores de citas.

PRÉSTAMO A DOMICILIO

En 2009 houbo un total de 347.147 préstamos no conxunto da BUSC o que supón un incremento do 4.7 % respecto a 2008, rompendo á tónica de descenso do dous anos anteriores.

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
B.Xeral	50.478	38.943	35.427	35.706	31.971	31.650	29.813	30.159	33.613
Bioloxía	18.446	16.476	16.250	15.852	15.158	15.006	14.909	10.960	10.258
Económicas	25.686	23.754	21.207	21.822	21.178	20.744	18.296	15.597	17.757
Der., Pol., R. Lab.	22.080	22.281	29.329	33.544	34.972	37.270	35.727	39.467	40.659
Farmacía	8.999	8.820	7.958	8.369	8.056	9.271	9.698	9.730	8.641
Filoloxía	47.554	44.239	44.111	43.096	38.898	38.905	37.781	41.076	51.017
Fil., CC. Ed., Psi.	58.834	55.326	61.910	51.576	48.401	47.939	50.165	51.224	52.242
Física e Óptica	18.929	13.933	13.097	13.327	11.412	10.561	10.089	9.202	8.034
Xeografía e H^a	37.626	34.739	32.546	33.975	31.935	34.697	33.028	31.835	38.995
Matemáticas	11.681	10.837	10.154	11.089	11.013	10.483	9.121	9.067	8.915
Medicina	19.785	17.845	18.023	17.308	16.520	17.332	16.360	15.145	13.764
Química	16.944	17.262	15.271	14.599	7.654	7.269	6.003	5.140	4.761
ETSE					5.346	5.408	5.045	4.605	5.184
Xornalismo	15.012	17.407	19.334	18.346	14.139	11.537	12.818	12.028	11.597
Enfermería	3.770	4.446	4.009	4.527	4.347	4.460	4.609	4.623	4.921
ICE	1.205	716	780	442					
Intercentros Lugo	72.861	60.260	54.050	52.700	45.177	41.779	36.215	31.682	29.773
Maxisterio Lugo	7.770	10.325	11.280	10.018	8.697	8.102	7.593	7.947	7.016
TOTAIS	437.660	397.609	394.736	386.296	354.874	352.413	337.270	329.487	347.147

A Comisión da BUSC acordou que se revisara e puxera ao día a normativa de préstamo da Biblioteca. Para tal fin creouse un grupo de traballo en 2009 que abordou entre outros aspectos a revisión das actuais categorías de usuarios, cunha proposta de dereitos para usuarios externos; a ampliación do sistema de reservas vía web para alumnos; e o establecemento dun procedemento de sancións por demora para usuarios que esgoten o número máximo de avisos. A ampliación das reservas vía web para alumnos trata de incentivar os préstamos e será efectiva en xaneiro de 2010.

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO E FOTODOCUMENTACIÓN

Ao longo do ano, no Servizo de Préstamo Interbibliotecario e Fotodocumentación realizáronse 8.942 transaccións de solicitudes de documentos, o que supón unha diminución do 3,4 % respecto de 2008. O número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras bibliotecas diminuíu un 19 % respecto a 2008 (2.549 solicitudes fronte ás 3.164 do ano anterior). Pola contra, a demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras bibliotecas, maioritariamente bibliotecas pertencentes a REBIUN, incrementouse nun 4,8% (6.384 documentos fronte aos 6.088 do ano anterior). Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2009:

Documentos obtidos de centros externos	Copias	Préstamos	Total
Solicitudes recibidas	2.156	384	2.549
Solicitudes non cursadas	-	-	-
Documentos solicitados	2.156	384	2.549
Documentos obtidos	1.821	349	2.170
Documentos non obtidos	112	11	123
Solicitudes canceladas	193	-	193
Solicitudes en trámite	30	24	54

As solicitudes canceladas non se tramitaron por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se pedisen ao estranxeiro, ou ben se tramitaron e posteriormente se cancelaron por ser os datos de referencia erróneos ou incompletos.

Procedencia das solicitudes dos usuarios da USC

DOCUMENTOS SOLICITADOS POR USUARIOS DA USC	
BIBLIOTECA	Documentos
B. Xeral	152
Bioloxía	127
CC. Económicas	72
Concepción Arenal	89
Farmacía	245
Filoloxía	285
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	279
Física e Óptica	49
Xeografía e Historia	94
Matemáticas	40
Medicina e CHUS	821
Química	70
CC. Comunicación	6
Intercentros Lugo	203
Formación do Profesorado	9
ETSE	-
E.U. Enfermería	-
Institutos de Investigación	8
TOTAIS	2.549



Con referencia a anos anteriores, non se observan cambios significativos na procedencia das solicitudes, sendo de novo Medicina e o CHUS os que presentan o número máis alto delas.

Documentos servidos a centros externos	Copias	Préstamos	Total
Documentos solicitados	4.993	1.391	6.384
Documentos subministrados	4.202	1.244	5.446
Documentos non subministrados	670	143	813
Solicitudes canceladas	88	-	88
Solicitudes en trámite	33	4	37

Os documentos que non se subministraron corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

Ubicación das coleccións demandadas


DOCUMENTOS SUBMINISTRADOS POR BIBLIOTECAS DA USC			
BIBLIOTECA	Copias	Préstamos	Totais
B. Xeral	490	245	736
Bioloxía	173	13	186
CC. Económicas	124	49	173
Concepción Arenal	304	157	461
Farmacía	467	14	481
Filoloxía	560	323	883
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	305	123	428
Física e Óptica	87	19	106
Xeografía e Historia	204	159	363
Matemáticas	198	31	229
Medicina	650	5	655
Química	316	15	331
CC. Comunicación	19	21	40
E.U. de Enfermería	-	7	7
Intercentros Lugo	188	57	245
Formación do Profesorado	24	6	30
ETSE	93	6	99
TOTAIS	4.202	1.250	5.453

En orden decrecente, Filoloxía, Biblioteca Xeral e Medicina son as bibliotecas que máis documentos subministraron en 2009. Sube Filosofía, CC. Educación e Psicoloxía que duplica o número de documentos servidos en 2008. Tamén hai descensos destacados como o da Biblioteca da Facultade de Matemáticas (725 en 2008).

PÁXINA WEB DA BUSC

Durante 2009 houbo un total de 806.897 visitas á páxina de entrada (3,35% máis que en 2008). Neste gráfico pode verse a tendencia de uso do Web durante os últimos anos. O 54% destas visitas accederon directamente, un 34,64% a través de sitios web de referencia (USC e Google fundamentalmente) e o 10,93 % restante a través de motores de búsqueda. 147.970 usuarios accederon á páxina web da BUSC visitando 1.664.293 páxinas, o que nos da un promedio de 2,06 páxinas vistas.

Accesos á páxina web 2001-2009



O 98% dos accesos proveñen de España (793.334). En orden decrecente sitúanse os accesos dende Portugal, Mexico, Reino Unido, Italia, Colombia, Argentina, Estados Unidos, Francia e Alemaña.



Redes, cooperación e proxección exterior

Consorcio Bugalicia

O 16 de abril de 2009 rematou o proceso de implantación do metabuscador **Pórtico** coa súa posta a disposición dos usuarios. **Pórtico** é un servizo de busca simultánea e recuperación de información composto por dúas ferramentas destinadas á xestión dos recursos electrónicos : un xestor de enlaces (**SFX**) e un metabuscador de recursos (**MetaLib**). Péchase deste xeito un proxecto enfocado á xestión dos recursos electrónicos consorciados e individuais de cada unha das bibliotecas universitarias no que participou persoal técnico das tres universidades galegas e do propio Consorcio Bugalicia.



Durante 2009 as tres Universidades galegas traballaron para acadar un acordo en materia de reparto das achegas para a contratación conxunta de recursos electrónicos de información científica. A súa articulación a través dun convenio verá a luz en 2010.

Noutros apartados desta memoria, preséntanse os datos relativos ao uso das bases de datos e paquetes de revistas e os datos de carácter económico.

REBIUN

A BUSC participa no **Grupo de Traballo da Liña 1: REBIUN no ámbito da aprendizaxe**. Nesta liña toman parte as seguintes Universidades: U. De Alacant, U. De Granada, U. Pompeu Fabra, U. De Sevilla, U. De Alcalá de Henares, U. De La Laguna, U. Carlos III, U. Complutense e U. De Santiago e ten dous obxectivos estratéxicos ao redor dos cales articúlanse anualmente unha serie de accións. O primeiro é continuar a potenciar o CRAI (Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación) como modelo de Biblioteca. O segundo potenciar accións para o desenvolvemento e implementación da alfabetización informacional como competencia transversal no novo modelo docente. No que atinxe ao primeiro obxectivo, o grupo organizou *as VII Xornadas CRAI*, adicadas ás competencias informacionais e informáticas no ámbito universitario, no mes de xuño de 2009 na Universidad Politécnica de Madrid. Dentro do segundo obxectivo, elaborouse conxuntamente con CRUE/TIC (Comisión sectorial da Conferencia de Rectores das Universidades Españolas adicada ás Tecnoloxías da Información e as Comunicacions) o *Documento sobre Competencias informacionales e informáticas en los estudios de grado*, aprobado pola Comisión permanente da CRUE e remitido pola Secretaria General a todos os Reitores con data 9 de xullo de 2009. Así mesmo organizouse a primeira *Xornada de traballo para responsables de alfabetización informacional nas bibliotecas universitarias españolas* (Madrid, 22 de abril). Por parte da BUSC, participou Carmen Varela Prado, directora da Biblioteca da Escola de Formación do Profesorado de Lugo. O obxectivo deste encontro foi debater os programas, os problemas, as oportunidades, as boas prácticas e as posibilidades de cooperación en relación coas actividades de formación en competencias en información que se queiran abordar ou que xa se están levando a cabo nas bibliotecas universitarias, de cara á súa integración nos plans de estudo das Universidades.

A BUSC segue a participar no **Grupo de traballo de Patrimonio Bibliográfico de REBIUN**, que en 2009 traballou na preparación dunha exposición de fondos americanistas nas bibliotecas universitarias españolas a propósito da conmemoración do bicentenario da independencia americana en 2010. Para iso estableceuse o discurso expositivo e o cronograma de traballo, realizouse unha enquisa nas Universidades para recabar información sobre fondos americanistas e seleccionáronse finalmente as 250 obras (das que 23 pertencen á BUSC) que integran a mostra. A exposición se desenvolverá entre os meses de outubro de 2010 e febreiro de 2011 en Sevilla e levará por título: *América escrita*. Así mesmo no seo do grupo traballouse na preparación da versión española das *Guidelines for the security of Rare Books, Manuscripts, and other Special Collections* elaboradas por The Association of College and Research Libraries (ACRL).

DIALNET

A BUSC continuou coa súa participación no proxecto DIALNET, en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidad de La Rioja no ano 2005. Trátase dun proxecto cooperativo, entre varias bibliotecas universitarias españolas, para a elaboración dunha base de datos que permita aumentar a difusión e a accesibilidade da literatura científica hispana, potenciando o acceso libre e gratuito á mesma a través de Internet. DIALNET está accesible no web da [BUSC](#). Aínda que unha relación pormenorizada dos datos estatísticos pode consultarse no apartado *Servizos* desta memoria, convén destacar que en 2009 houbo 670 usuarios rexistrados en DIALNET identificados como pertencentes a USC (un incremento do 32% con respecto a 2008), cun total de 7011 subscricións a alertas das publicacións accesibles dende DIALNET (7,3% máis que en 2008). Os datos acumulados de buscas durante 2009 elevan a cifra ata 15.802 (6,2% máis que en 2008). O número de documentos descargados ascendeu en 2009 a 24.361 (un 14,8% máis que en 2008). O persoal técnico da BUSC incrementou esta base de datos con 2.106 rexistros durante 2009, pertencentes ao baleirado de 64 revistas galegas.

Pola súa banda, a Facultade e a Biblioteca de Matemáticas toman parte no proxecto "Digitalización de la Documentación Matemática / Plataforma Dialnet", promovido polo CEMAT (Comité Español de Matemáticas IMU-MEC) e a Rede de documentación matemática DOCUMAT, de bibliotecas de matemáticas das universidades españolas, co apoio de Dialnet, CINDOC e Real Sociedad Matemática Española. Trátase dun proxecto integrado no de Programa Nacional de Matemáticas, do Plan Nacional



I+D+I. Estase a traballar na actualización da base de datos de investigadores españois no campo das matemáticas e na incorporación das teses a texto completo ou referenciais desa nosa área de coñecemento. O Presidente da Comisión Bibliográfica e Dixitalización Electrónica do CEMAT, e que está a participar activamente ademais en todas as actividades de DOCUMAT é o profesor da USC Enrique Macías Virgós.

OUTROS PROXECTOS

A BUSC participa no **Grupo de Trabajo de Cartotecas Públicas Hispano-Lusas** (IBERCARTO) que tivo a súa reunión anual o 16 outubro de 2009 no Archivo General de Simancas. Asistiu Xosé Ramón Lema Bendaña, director da Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia, que forma parte do grupo dedicado a establecer un protocolo de tasación e valoración para mapas.

COLABORACIÓN EN PROXECTOS DA USC

A BUSC colaborou Vicerreitoría de Comunidade universitaria e Compromiso social nas sesións de presentación aos alumnos de 1º curso. Do mesmo xeito, o persoal dos diferentes puntos de servizo da BUSC participou nas sesións de presentación do curso 2009/2010 organizadas dende os decanatos e direccións de centros.

Un ano máis a BUSC participou na VII Olimpíada Solidaria de Estudo posta en marcha pola USC en novembro de 2009 coa instalación de ordenadores nas bibliotecas dos Campus de Santiago e Lugo. Nesta iniciativa, na que participan mozos e mozas dunha ducia de países do mundo, trátase de incentivar o estudo vencellando as horas a el destinadas á colaboración con proxectos de desenvolvemento. Este ano o recadado empregárase en financiar un proxecto de apoio escolar e familiar a nenos, adolescentes e mulleres en risco de exclusión social en Angola.

O persoal da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación (Campus sur) Cristina Cabada Gíadás e Isabel Álvarez García, forman parte do equipo que dirixe o profesor D. Antonio Caride Gómez do Departamento de Teoría e Historia da Educación, para a elaboración do *Diccionario Galego de Pedagogía* que ten prevista a súa publicación en 2010.

EXPOSICIÓNS

Como en anos anteriores, a BUSC colaborou con diversas entidades prestando fondos para mostras e exposicións:

Portas de luz. Unha achega á arte e a cultura da Galicia dos 70, CGAC, do 30 de xaneiro ao 27 de abril de 2009

De obreiros a profesionais, os vieiros da formación, Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), do 9 de febreiro ao 13 de novembro de 2009.

Alejandro Rodríguez Cadarso, Un reitor para un país, Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, do 27 de febreiro ao 3 de abril de 2009

Da Terra de Lemos ao Reino de Galicia, Salas de Exposicións da Casa da Cultura e da Fundación Caixa Galicia de Monforte de Lemos do 17 de abril ao 31 de maio de 2009

Valle-Inclán debuxado, Obra ilustrada, Colexio de Fonseca, do 22 de abril ao 24 de maio de 2009

Ciudades en guerra, 1808-1814, Museo de Pontevedra, do 30 de xullo ao 14 de outubro de 2009

Historia de la imprenta, Sala de Exposiciones del Torreón de Lozoya de Segovia, do 19 de setembro ao 23 de novembro de 2009

Exposición bibliográfica con motivo da celebración do centenario do nacemento de Simone Weil, Facultade de Filosofía da USC, decembro de 2009

Co gallo do **Día das Letras Galegas** elaborouse como produción propia unha recompilación bibliográfica das obras presentes nos fondos da BUSC de Ramón Piñeiro, escritor homenaxeado en 2009.

LETRAS GALEGAS 2009
Ramón Piñeiro



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Anexos

ANEXO ESTADÍSTICO

	B. Xeral	Bioloxía	Económicas	C. Arenal	Farmacía	Filoloxía	
3. PRESUPUESTO CAPÍTULO 2							
3.1. Presupuesto ordinario Capítulo 2: Mantemento	1.674.712,00	4.091,00	5.894,00	27.726,22	4.337,00	4.238,00	
3.2. Ingresos no Capítulo 2: Mantemento	98.700,73	1.525,72	-	8.598,22	-	669,44	
3.2.1. Aportacións Departamentos e Proxectos			-				
3.2.2. Aportacións Centros			-	2.300,00			
3.2.3. Ingresos por servizos de fotocopias	5.523,37		-	6.298,22		669,44	
3.2.4. Outros ingresos	93.177,36	1.525,72	-	-	-	-	
	93.177,36						
Presuposto total Capítulo 2: Mantemento	1.773.412,73	5.616,72	5.894,00	36.324,44	4.337,00	4.907,44	
3.3. Gastos facturados pola Biblioteca no Capítulo 2	1.734.415,11	5.551,33	5.770,65	27.059,75	4.160,18	4.866,73	
3.3.1. Facturado en encadernación	12.087,32	113,88	804,60	1.478,96	313,54	1.227,85	
3.3.2. Facturado en correo	6.685,12	-		109,59	111,54		
3.3.3. Facturado en comunicacións	373,28	-		-			
3.3.4. Facturado en material funxible	26.083,37	3.166,86	1.351,05	6.234,90	2.463,94	3.638,88	
3.3.5. Facturado a través do Centro en reparacións, adquisicións equipamento, etc	1.679.386,02	1.520,59		3.983,59	1.271,16		
3.3.6. Facturado en gastos de mantemento do edificio (calefacción, auga, etc.)				5.652,71			
3.3.7. Transferencias ao Capítulo 6 para adquisicións bibliográficas		-		-			
3.3.8. Transferencias ao Capítulo 6 para moblaxe e equipamento	9.800,00	750,00	3.615,00	9.600,00			
3.4. Cantidade non facturada ano 2009 Capítulo 2: Mantemento	38.997,62	65,39	123,35	9.264,69	176,82	40,71	
3.5. Presupuesto facturado Centros Equipamento (material inventariable)	70.332,75	-	4.659,51	10.250,61	911,54	-	
3.5.1. Equipamento facturado Centros (material inventariable)			4.659,51	10.250,61	911,54		
3.5.2. Equipamento facturado BUSC (material inventariable)	70.332,75						

	Inter. Filosofía-CC. Educación-Psicología	Física-Óptica	Xª e Historia	Matemáticas	Medicina	Química-ETSE	Intercentros Lugo	CC. Comunicación	Maxisterio Lugo	Enfermería	TOTAL BUSC
	7.149,00	4.150,00	4.417,00	3.208,00	5.629,00	3.514,00	10.128,00	3.626,00	2.462,39	1.866,00	1.767.147,61
	4.037,94	-	7.375,84	-	640,13	648,28	3.000,00	-	429,60	-	125.625,90
											-
	3.129,10		7.000,00						429,60		12.858,70
	908,84		375,84		640,13	648,28					15.064,12
	-	-	-	-	-	-	3.000,00	-	-	-	97.703,08
											93.177,36
	11.186,94	4.150,00	11.792,84	3.208,00	6.269,13	4.162,28	13.128,00	3.626,00	2.891,99	1.866,00	1.892.773,51
	11.185,97	4.131,60	11.763,47	2.535,98	5.994,09	3.921,56	13.128,00	3.626,00	2.977,51	1.817,25	1.842.905,18
	863,41	491,46	4.252,29	498,98			924,52		781,67		23.838,48
				-			222,95				7.129,20
	158,78			-			664,76		30,25		1.227,07
	7.156,06	466,85	7.511,18	2.037,00	5.994,09	1.921,56	5.923,85	3.626,00	2.165,59	1.367,25	81.108,43
	2.570,26	273,29		-			473,41			450,00	1.689.928,32
	437,46			-							6.090,17
				-							-
		2.900,00		-		2.000,00	4.918,51				33.583,51
	0,97	18,40	29,37	672,02	275,04	240,72	-	-	-85,52	48,75	49.868,33
	2.492,26	-	-	-	-	-	-	-	4.259,56	-	92.906,23
	2.492,26						13.010,70		239,00		18.552,92
							2.487,11		4.020,56		74.353,31

	BUSC	B. Xeral	Biología	Económicas	C. Arenal	
4. PERSOAL						
4.1. Plantilla total (xornada completa)	10	38	6	13	20	
4.1.1. Facultativos	6	1	1	-	2	
4.1.2. Axudantes		16	1	3	3	
4.1.3. Auxiliares / ATB	2	13	4	6	8	
4.1.4. Área de Administración		5	-	-	1	
4.1.5. Contratos a tempo parcial fins de semana / apertura nocturna			-	4	4	
4.1.6. Auxiliares de Servizo. Área de conserxería		3	-	-	2	
4.1.7. Persoal especializado	2		-	-		
4.1.8. Estudantes becarios, prácticas FP...				-		
4.2. Cursos de formación						
4.2.1. Número de cursos de formación (ou ponencias) diferentes recibidas polo persoal		7	2	3	6	
Título do curso	Asistentes	Asistentes	Asistentes	Asistentes	Asistentes	
Formación de Formadores para el uso de la Web of Knowledge			1			
A xestión de contidos na Biblioteca Dixital		6	1	1	4	
A web 2.0 e o novo paradigma de información		6		4		
Ensinar ao que ensina				1		
A biblioteca dixital 2: o procesado de documentos dixitalizados		2			1	
Medios Audiovisuais					1	
Primeros Auxilios para Equipos de Emerxencia		10			9	
Gestión y Documentación Editorial (Madrid, SEDIC)					1	
Patentes y otros títulos de Propiedad Intelectual (Madrid, SEDIC)					1	
A web social na Biblioteca						
Xestión por prioridades						
II Jornada Documat						
XIII Jornadas Nacionales de Información y Documentación en Ciencias de la Salud (2009, Oviedo)						
VI Simposio o libro e a lectura. O libro dixital		1				
Alfabetizar en Información desde la Biblioteca Universitaria: Diseño de Herramientas para el aprendizaje. Sedic						
Linguaxe Administrativa		1				
Uso de medios Electrónicos na actividade administrativa da USC (e-universidade)						
Metadatos y su aplicación en la descripción de recursos. Fundación Sánchez Ruipérez						
Catalogación de recursos digitales						
Aprender a Formar: Nuevas Herramientas para la Enseñanza de Habilidades Informacionales						
Motivación						
Curso de Benvida os Auxiliares de Biblioteca		1				
Taller de Traballo IVA e IRPF						
Nuevas Tecnologías para la Gestión de Museos						
4.2.2. Número total de asistentes	-	27	2	6	17	
4.2.3. Número de cursos ou ponencias impartidas polo persoal			1	-	2	

	Farmacia	Filología	Inter. Filosofía-CC. Educación- Psicología	Física-Óptica	Xº e Historia	Matemáticas	Medicina	Química	ETSE	Intercentros Lugo	CC. Comunicación	Maxisterio Lugo	Enfermería	TOTAL BUSC
